

Paseo desnortado e admirado por Compostela

Inma López Silva

Unha iniciativa da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)

O texto deste roteiro é froito da colaboración coa Concellaría de Cultura do Concello de Santiago de Compostela en 2010

A súa xeorreferenciación na sección "O Territorio do Escritor/a" da web da AELG (www.aelg.org) foi posíbel grazas a un convenio coa Consellaría de Cultura e Turismo en 2011

asociación de escritores  **en lingua galega**



A primeira lembranza que posúo, de cando aínda non tiña tres anos, é un sol radiante na Alameda, polas festas da Ascensión. Comía un xeado de laranxa que se ía derretendo pola calor de maio, o sol enorme. Da man do meu pai, esquivaba cos pés as pingas do xeado e facía esforzos por oír a súa voz por detrás do rebumbio das barracas da festa, a tómbola coas *Chochonas*, as carreiras de camelos, o barco de *Vacaciones en el mar*. Na Ferradura, a man enorme do meu pai tiroume co xeado, e cun pano das mans que ulía a *Brummel*, limpoume a cara enlarafuzada de laranxa. Cando es nena e che limpan a cara, o mundo redúcese de súpeto a un pano diante dos ollos, do nariz, da boca, a vida en branco, e a liberdade fresca en canto desaparece. Aquel día, ao abrir os ollos despois de que meu pai me limpase a cara do xeado de laranxa, por diante do sol radiante de Santiago na Ascensión, vin sobre min unha estatua enorme. Quedei mirándoa, atenta, tratando de imaxinar quen podería ser tan importante como para reservarlle aquel espazo baixo palmeiras e entre as flores. “Sabes quen é?”, díxome o meu pai mentres dobraba o pano para volver gardalo no peto. Neguei coa cabeza. “Rosalía de Castro. A meirande escritora galega”. E contesteille, se cadra sen saber moi ben por qué, que eu de grande tamén quería ser escritora.

Desde aquela coido que non hai Santiago literario que non comece pola Rosalía de Castro que, desde o Paseo da Ferradura, preside as letras galegas nunha sorte de reinado fascinante, en revisión constante de todo o que ousamos escribir entre as pedras da cidade e baixo o ceo compostelán.

A miúdo paso por alí. Adrede. Coma un recordatorio da pequenez propia ante o talento alleo, tratando de non esquecer xamais que a miña primeira lembranza é de admiración. Por iso tamén volvo e revolvo a Santiago co *En las orillas del Sar* na man para ler *in situ* “Santa Escolástica” e concordar con Rosalía na miña relación con Compostela:

*Ciudad extraña, hermosa y fea a un tiempo,
 a un tiempo apetecida y detestada,
 cual ser que nos atrae y nos desdeña.*

Síntome así sempre que penso neses versos. E síntome miúda, diminuta, ante un paseo compostelán co maxín posto no talento que, en fin, lle deu a vida a esta cidade. Porque Santiago é lenda. Trátase dunha cidade que non existiría, que nin sequera *sería*, de non ser pola literatura que a criou. A literatura, as lendas, a nosa necesidade innata de explicármonos a través de historias e de vivírmolas coma se fosen certas. Iso é Santiago. Imaxinemos este recanto do Europa na época do reinado de Afonso II, cando se descobre a tumba do Apóstolo, nun tempo en que Galiza, sen dúbida, era máis recanto e menos Europa do que é agora. Imaxinemos o século XII coa figura imponente dun arcebispo intelixente, con mente de estadista, que soubo, xustamente, dese poder incalculábel da literatura. Quen podería imaxinar este Santiago, esta Galiza, se non era

un home que soñaba unha Compostela aberta ao mar, capaz de acuñar moeda propia e influínte colocador de reis e raíñas? Afonso II e Diego Xelmírez souberon entender ben que o poder precisa das lendas, exactamente igual que o sabía o emperador Calígula cando armou o seu propio personaxe, e como o sabía o cardeal Richelieu o día que encargou aos teóricos da literatura a ardua tarefa de transmitir a receita da boa literatura. Se cadra é xustamente por esta relación intensa coa ficción que posúe Compostela, que a realidade se fai indiscutíbel ante o feito de que a cidade existe grazas ao que, polo visto, podería ser unha gran mentira. Mais, ao final, importa algo a identidade real e certa de quen estea soterrado na Catedral? Perdeu importancia Compostela como centro de peregrinación e Santiago como centro neuráxico dos poderes eclesiásticos durante todos os anos que o corpo do Apóstolo estivo perdido (300 anos) nos corredores e pasadizos da arquitectura catedralicia? Por suposto que non, como amosou un escritor xenial nunha obra teatral excelente: Roberto Vidal Bolaño e *As actas escuras*. Pero se alguén retratou ben a ese Xelmírez foi o xenial Cotarelo en *Xelmírez ou a gloria de Compostela*. Aí aprendemos moitas que a ficción dá igual cando ten o poder de construír realidades que nos exceden. E este espazo, coma se dun centro enerxético se tratase, ten a capacidade de inspirar escritores de todos os tempos, coa súa luz radiante que a min me cegou aos tres anos na Alameda, e coa súa chuvia incesante que tan ben evocou Luz Pozo Garza: “*Chove gris, Compostela. Un cálice de chuvia*”. Así se interpretan e reinterpretan as lendas do *Códice Calixtino*, para seren, cos anos, inmorreoiras, e para cantaren as nosas historias de amor, como dixo Miro Villar nun soneto:

*Hoxe chove tamén en Compostela,
 no corazón, na praza da Quintana,
 non haberá unha tarde máis lorquiana
 pra revivir o amor, que se revela*

Penso moitas veces na figura imponente de Roberto Vidal Bolaño, vestido de negro, o chapeu na cabeza, sentado cunha perna estarricada na terraza do Suso. Imaxinaría alí aquelas obras que escribía que semellaban homenaxes calculadas a esta cidade e ás súas xentes? Probabelmente Vidal Bolaño e Suso de Toro son os escritores actuais aos que esta cidade lles debe a súa permanencia no imaxinario espacial da literatura galega, imaxinario no que as que os sucedemos non só vemos un fermoso decorado para turistas, senón tamén un espazo contradictorio no que se conxugaron labregos e funcionarios nunha simbiose estraña e caótica, que facía que as vacas e as leiteiras puidesen campar polo meu suburbio da infancia ao tempo que Montero Ríos era outro mundo de tendas bonitas e cafeterías que se achegaban ao que as nenas de Belvís considerabamos *glamour*. Iso tamén forma parte deste Santiago literario que levo na cabeza.

Non hai paseo literario por Compostela que non percorra a Ferradura para acudir á Zona Vella, pasando por diante da estatua a Valle Inclán. É un tanto ridícula, coma se o escritor arousán non fose grande abondo como para merecer unha escultura de pedestal. Un busto como mínimo. Pois non. Valle Inclán a tamaño natural senta nun banco da Alameda mirando a Catedral, coma se fose un paisano que quere ver o fogo do Apóstolo o 24 de xullo, ou coma se estivese ben disposto a que turistas e estudantes se lle senten enriba para facer fotos, ou lle tiren coas gafas. Ao “Cranio privilexiado” de Valle non lle fai xustiza esta escultura, sinceramente. Pero quen dixo que esta cidade fose sempre xusta cos seus literatos?

Ás veces o turismo non é xusto coa imaxe desta cidade, e a Alameda abre a disxuntiva a quen viviu ou vive en Santiago e sabe que o mundo fascinante deste lugar non

está nos espazos fermosos ou típicos que nós mesmos nos encargamos de enxalzar nas nosas obras. Se unha se sitúa alí na Alameda, sentada ao carón de Valle, por exemplo, visualiza claramente o Santiago da dereita, o da rúa do Pombal e o seu arrecendo a putas e *macarras*, a novela policial e a estudante pobre en procesión nocturna, de bar en bar. Mentres que ao outro lado queda o Santiago de postal, de beatas, catedráticos e xeranos nos balcóns. Hai, si, un Santiago cutre, pobre e estudantil que contou moi ben Ferrín n’*O ventre do silencio*, ese Santiago do arrabalde extramuros da Zona Vella que constitúe unha fonte inesgotábel de historias arredor do Pombal, a rúa de San Pedro, Sar, Conxo. María do Cebreiro soubo homenaxear coma ninguén algún deses espazos:

*En Conxo hai unha igrexa parroquial
 Que leva, como tantas,
 o nome de María.
 E aló polo setembro, cando os cristiáns celebran
 o santo nacemento da súa nai,
 os tolos comen cabra, cocida case sempre.
 E, sarcasmos á parte, á súa maior festa
 Chamáronlle os de Conxo
 La fiesta de la cabra, la puta de la cabra, la madre que la parió
 (aquí cantamos todas).*

Claro que á historia do *estudiantilismo* en Santiago non pasou precisamente esa vocación arrabaleira das novelas policiais de Aníbal Malvar, senón o mundo de pousadas e pensións que copan toda a cidade antiga, desde Cervantes ata os Loureiros, ou desde as Rodas, as Algalias, o Preguntoiro e a Porta do Camiño. Podemos achegarnos a esa zona. Podemos seguir desde a Alameda polo Franco e imaxinar todos os personaxes da literatura compostelá coas cuncas de viño barato nas mans. Atravesamos o Obradoiro. E como non, hai que deterse. A Catedral inspirou os escritores de todos os tempos e todos os lugares, fascinados polo perfil das pedras ou polo lique que non logra acabar de limpar a Dirección xeral de Patrimonio. Paulino Vázquez falou del coma un réptil de musgo que “*carcome os vértices e pule mármore*”, mentres que Darío Xohán Cabana, por exemplo, preferiu, como case todos, ver na Catedral un símbolo da historia colectiva dos galegos: *Pedra de antiga luz acrisolada, que abrangues no labor a nosa historia*.

Podemos coller o túnel baixo o Palacio Arcebispal para subir pola Acibechería e axiña entramos por unha pequenísima embocadura á esquerda. Velaí a está, chea de placas que lembran unha novela, a casa estudantil por excelencia: que sería de Santiago sen esa historia de estudantes que foi *La casa de la Troya* de Pérez Lugín? Ou, máis ben, que sería de Santiago sen ese século XIX de fidalguiños que viñan á Universidade e converteron a cidade nesta mestura estraña, case contradictoria, entre ambiente curil e ambiente universitario? Se de retratar ese Santiago se trata, velaí as novelas de Otero Pedrayo. Baixando polo Preguntoiro e collendo as Cinco Rúas, mentres esquivamos a estatua amaneirada de Afonso II o Casto e evocamos, mirando ao último piso, a biblioteca arrevesada da Facultade de Historia. Podemos pensar, de paso, nos escritores grandes a pasear por estas rúas: Castelao, o propio Valle, Risco nalgún momento, Cotarelo, todos de camiño ao café Derby, no mesmísimo confín da Zona Vella e pasándolle ao carón da rúa Tránsito dos Gramáticos, ao que a xenial Marilar Aleixandre dedicou unha novela de ciencia ficción que comezaba:

¡Silencio! O Xogo vai dar comezo. O Compostela xoga na casa fronte ó Lago, e debe manter alto o pavillón: foi campión nas dúas últimas temporadas. O reloxo da Berenguela toca as doce. As motos desaparecen entre unha nube de fume, e as escavadoras diríxense, renxendo, pero a unha velocidade que resulta sorprendente, a bloquear certas rúas estratéxicas, onde xa a ferralla amoreada converte o cruzal en arriscada aventura.

Quen queira vivir o Santiago literario debe tomar un café no Derby. Aquí estivo a figura cómica de Valle Inclán en faladoiro, e tamén Castelao escribindo, seguramente, a *Alba de gloria* ou rindo coa súa voz fonda a ocorrencia dalgún outro compañeiro de faladoiro. Pero, sobre todo, a un Otero Pedrayo concentrado, escribindo as desventuras de Adrián Solovio por esta cidade nas cuartillas manchadas do *Arredor de si*. Creo que todos escribimos no Derby. Quizais pola mitomanía que ás veces nos embarga ás escritoras. Ou quizais porque os seus cristais de café modernista aínda zumegan historias. No xenial libro de relatos de Suso de Toro *Polaroid*, algunha das fotos que acompañan os relatos é dos trinques do Derby. Sentar no Derby e mirar para fóra implica a posibilidade de visualizar ese Santiago contradictorio e mesturado, de cidade que quere ser europea e cosmopolita pero que non dá. Desde aquí vese a xente atarefada e apurada que vai dun lado a outro, vese tamén ese toliño compostelán ao que sempre lle quedan as chaquetas grandes e vai sempre pedindo cigarros, esa muller que vende flores coma a *Violeteira* entrada en anos, e algún que outro político que se atreve a pasear de incógnito por Santiago, algo que, non sei por qué, sempre vestiu. Todo o mundo pasa pola esquina do Derby. E por iso ningún novelista evita nunca agardar a que pase algo nese lugar.

E enfronte, enorme, o hotel Compostela cos capiteis de Asorey. Alí se hospedou Federico García Lorca cando veu a Santiago e, con Guerra da Cal, escribiu os poemas máis fermosos que se lle dedicaron nunca á Quintana, á que Lorca chamaba “Plaza butaca”:

*¿Quen brúa co-este xemido
 d'imenso boi melancónico?
 Nai: É a lúa, é a lúa
 na Quintana dos Mortos.
 ¡Si, a lúa, a lúa
 coronada de toxos,
 que baila, e baila, e baila
 na Quintana dos mortos!*

Os poemas galegos de Lorca son, probabelmente, a máis fermosa homenaxe á cidade e ás súas xentes, feitas por alguén de fóra que soubo conciliar a admiración tópica e a percepción hábil do escritor atento. Quizais sería fermoso rematar un paseo literario sentados na Praza Butaca de Lorca recitando os seus seis poemas. Aínda que eu, se cadra, quedaría máis ben cos versos de Pilar Pallarés:

*Morrerei en Santiago algunha tarde
 dun místico outono sen bandeiras,
 inzado o corazón de días desertos
 e indefensos paxaros degolados
 que nomeei amor
 ilusamente.*